

CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO ESCOLAR 2023/2024

2ª FASE: SOLICITUDE DE ADMISIÓN

(para alumnado procedente doutros centros distintos dos adscritos) (tamén para alumnado procedente dos centros adscritos que non solicitaran a reserva do 16 de xaneiro ao 6 de febreiro)

1. **Solicitud de admisión** mediante a presentación do **Anexo II e Anexo II-bis (modelo ED550B)** no centro solicitado no primeiro lugar de preferencia: **1-20 de marzo**.
2. Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo (só no caso de haber maior número de solicitudes que de prazas ofertadas): **21 de marzo ao 11 de abril**, ambos os dous incluídos.
3. Publicación das **listaxes provisionais de persoas admitidas** e non admitidas: **o 25 de abril**.
4. Reclamacións ás listaxes provisionais: nos 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.
5. Publicación das **listaxes definitivas de persoas admitidas** e non admitidas: **o 15 de maio**.
6. **Adxudicación subsidiaria** de praza **noutro centro** ao alumnado non admitido (por parte da comisión de escolarización, tendo en conta os centros solicitados no modelo ED550B no 2º lugar e seguintes).

3ª FASE: MATRÍCULA

7. Formalización da **matrícula** en E. Infantil e Primaria: **20 de xuño – 30 de xuño**.
8. Formalización da **matrícula** en ESO e bacharelato: **23 de xuño-07 de xullo**.

2ª FASE: SOLICITUDES DE ADMISIÓN EN CENTROS NON ADSCRITOS (1-20 de marzo)

1. Os pais, nais e/ou titores legais que desexen solicitar praza nun centro distinto ao de adscrición, deberán presentar solicitude de admisión utilizando o **Anexo II e Anexo II-bis (modelo ED550B)**.
2. Cada alumna e alumno **só pode presentar unha única solicitude de admisión**. Na solicitude poderá indicar ata seis centros na orde de prioridade que desexe. **Deberá presentala no centro no que solicite praza en primeiro lugar de preferencia. A infracción desta norma** (é dicir, a presentación de solicitudes en máis dun centro, ou a presentación de solicitude de admisión tendo presentada solicitude de reserva para o centro de adscrición) **determinará a perda dos dereitos de prioridade** que poidan corresponderlle.
3. Alumnado que ten garantía de permanencia neste centro educativo, porque xa está cursando estudos nel durante o presente ano:

No caso de presentar solicitude de admisión (Anexo II e Anexo II-bis) noutro centro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, neste centro. O alumnado con garantía de permanencia perderá esta cando resulte admitido con carácter definitivo noutro centro.

4. Alumnado dos centros adscritos que ten reservada a súa praza neste centro educativo, por teren presentado o Anexo I en febreiro e terse aceptado a súa solicitude:

No caso de que desexe presentar solicitude de admisión (Anexo II e Anexo II-bis) noutro centro distinto, deberá comunicar previamente e por escrito a este centro educativo a renuncia á súa reserva, até o 28 de febreiro.

5. As solicitudes de admisión, dirixidas á dirección dos centros públicos e á titularidade dos centros privados presentaranse mediante un formulario normalizado. Este formulario estará dispoñible para as familias e poderase entregar nos seguintes lugares :

- a) Recollendo o formulario Anexo II e Anexo II-bis (modelo ED550B) gratuitamente no centro educativo e entregándoo no centro solicitado en primeiro lugar.
- b) Descargando a solicitude da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>, e da páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na dirección <https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/escolarizacioneadmision> e entregándoo no centro solicitado en primeiro lugar.
- c) Entregándoa a través da sede electrónica da Xunta de Galicia a través da aplicación web “admisionalumnado”: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>

NORMATIVA REGULADORA

DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 11 de febreiro de 2022)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220211/AnuncioG0598-040222-0004_gl.html

ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C). (DOG 8 de novembro de 2022)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221108/AnuncioG0655-281022-0001_gl.html

ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO E ÁREAS LIMÍTROFES

Pódense consultar na secretaría do centro ou no buscador de centros da páxina edu.xunta.es

<https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/BuscaCentros.do>

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS POLO CENTRO

- **SERVICIO DE COMEDOR:** (de 14:30 h. a 16:30 h.)
- **AULA MATINAL** (de 8:00 h. a 9:00 h.)
- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**
- **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:** Son aprobadas pola Inspección Educativa para cada curso escolar. Infórmase al longo do curso 23-24
- Todos estes servizos son de carácter voluntario e non teñen fins lucrativos. Foron autorizados pola Consellería competente e aprobados polo Consello Escolar.

PUNTUACIÓN

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Irmán/á no centro	Primeiro irmán: 8 puntos
	2º irmán e seguintes: 2 puntos cada un.
Proximidade do domicilio familiar	Na área de influencia : 8 puntos
	Na área limítrofes: 4 puntos
Lugar de traballo do pai/nai/titor/acolledor	Na área de influencia : 6 puntos
	Na área limítrofes: 3 puntos
Renda anual per cápita da unidade familiar ¹	Inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos
	Igual o superior a 0,5 veces o IPREM: 2 puntos
	Igual o superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: 1 punto
	Igual o superior ao IPREM: 0 puntos
Proxenitor/titor/acolledor traballado do centro	3 puntos con independencia que traballen ambos
Familia numerosa	Categoría especial : 3 puntos
	Categoría xeral: 2 puntos
Vítima violencia xénero	2 puntos
Vítima terrorismo	2 puntos
Irmáns nados nun parto múltiple	8 puntos se son dous e 10 puntos se son áis de dous
Discapacidade igual ou superior ao 33%	Do alumno/a: 4 puntos
	Dun pai, nai, titor, acolledor ou novo cónxuge ou persoa con relación análoga: 3 puntos
	Irmán ou irmá: 1 punto cada un deles
Condición de familia monoparental ²	2 puntos
Criterio complementario do centro ³	1 punto

¹ Sumar as casiñas 435 e 460 da declaración do IRPF do ano 2021. Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar (IPREM: 6.778,80 €)

² Lei 5/2021 do 2 de febreiro. Para acreditar esta condición, será necesario CERTIFICACIÓN DE RECOÑECIMENTO da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, ou pola autoridade competente doutras administración públicas.

³ Un punto complementario ós pais / nais ex alumnos do Centro.